


Alvarellos publicará a vida e a obra de Prudencio Canitrot

Hoxe xoves 24 de xaneiro de 2013, no día en que se cumpren os cen anos do pasamento de Prudencio Canitrot, a editorial Alvarellos chegou a un acordo co profesor e investigador lugués Carlos Gegúndez para publicar un volume que rescate do esquecemento a vida e a obra deste humanista pontevedrés.

A editorial que dirixe Quique Alvarellos, Alvarellos Editora, con sede en Compostela, chegou hoxe a un acordo co xornalista, profesor e investigador lugués **Carlos Gegúndez López**, especialista na obra de Prudencio Canitrot, para publicar un ensaio sobre a vida deste esquecido humanista pontevedrés xunto cunha antoloxía da súa obra.



Prudencio Canitrot Mariño (Pontevedra 1883 - Madrid 1913), debuxante, narrador, xornalista, considerado discípulo de Valle, corrector da obra completa de Rosalía, fundador da Biblioteca de Escritores Gallegos (1910) e promotor da Exposición de Arte Regional Gallego (Madrid, 1912), é hoxe un gran descoñecido.

A súa morte por mor da tuberculose cando só tiña trinta anos pechou unha vida que puido ser aínda máis prolífica, daquela xa era coñecido e recoñecido como fillo literario de Valle-Inclán e como gran artífice dos movementos culturais galegos que entre o Rexurdimento e a Época Nós se desenvolven en Madrid e na diáspora e que mantiveron acesa a chama do galeguismo.

O volume ensaístico de Carlos Gegúndez sairá á venda na primavera. Alvarellos Editora tamén prepara con Gegúndez a publicación, dentro da Colección Rescate, da obra completa de Canitrot: varios contos e novelas e unha interesantísima obra xornalística que nunca volveu ser publicada dende a súa morte en 1913.

- Para contactar con Carlos Gegúndez: 667 932 818, gegun@hotmail.com
- Para contactar con Quique Alvarellos: 609 90 88 52, correo@alvarellos.info

[www.alvarellos.info]